

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 4 DE DECEMBRO DE 2014

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/859/2014.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CARREIRA DO CONDE, 11.- Conceder a licenza para executar as obras de reposición de cuberta dun edificio sito na rúa Carreira do Conde nº 11.

SEGREGACION.-

LIC/816/2014.- TERESA CELA MOSQUERA.- Autorizar á interesada para segregar a finca núm. 282 do plano de concentración parcelaria da zona de San Cristovo de Infesta.

2.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do POS Adicional 2014.

A Xunta de Goberno autorizou a aprobación do financiamento do proxecto de “substitución da rede de saneamento no lugar de Bornais na parroquia do Eixo, por un importe de 148.777 euros, con cargo ao Plan complementario do Plan Provincial de Cooperación. O prazo de execución estimado para as obras é de 4 meses. O financiamento desta obra é consecuencia da baixa producida na adxudicación do proxecto de mellora de pistas nas parroquias de Santa Cristina de Fecha, San Xoán de Fecha e outras, que foi incluída no Plan principal de Cooperación da Deputación. O obxectivo desta obra é remediar o aumento de caudal na rede de abastecemento de auga no lugar de Bornais, provocado polo incremento da poboación dos últimos anos que levaron á insuficiencia das instalacións existentes.

13.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á participación do Concello no programa de mellora de camiños de titularidade municipal financiado co FEADER, no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

Acordouse incluír no programa de mellora camiños municipais, que xestiona a entidade AGADER con fondos europeos do FEADER, a obra de acondicionamento de pistas nas parroquias de Barciela, Verdía e Conxo, cun investimento que ascende a 94.094 euros e un prazo de execución estimado en 4 meses. As actuacións previstas solucionarán o deterioro da capa de rodadura e redundarán nunha maior seguridade e comodidade dos usuarios. As actuacións diríxense a mellorar as pistas entre Barciela e o Camiño de Santiago e a que se dirixe ao Refuxio de pescadores. Tamén se acondicionarán as pistas da Caluba (en Barciela), as pista de Lobra e As Pereiras (en Verdía), e a pista de Cruxeira (en Conxo).

3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación de texto de concesión administrativa para ocupación de inmovible (ADIF).

Continuando cos pasos para a execución do aparcadorio disuasorio en Pontepedriña, acordouse aprobar o convenio a suscribir co ADIF para a concesión administrativa que permita a ocupación dos terreos da súa propiedade baixo o viaduto ferroviario. A superficie é de 4.254 m² e a cesión por parte do ADIF farase con carácter gratuíto, tendo en conta que ao concello non lle vai reportar utilidade económica.

5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á execución de sentenza 727/2014, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Acórdase rexeitar o pretensión de aboamento da cantidade reclamada por Manuel Ginarte e Domingo Aller (107.457 euros) en relación co proxecto de urbanización do polígono 5 das Fontiñas iniciado no ano 2001. Pola contra, acórdase o pagamento de 28.397 euros aos mesmos interesados en concepto de IVE e de intereses moratorios, conforme á sentenza do TSXG do 18 de setembro de 2014.

6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á realización de inversións que redunden na mellora da eficiencia das infraestructuras de alumado público (Laranxeira, Cacharela e Queiroal).

Dentro das previsións establecidas no contrato de xestión e mantemento do alumado público, acordouse autorizar o investimento necesario para a instalación de novas luminarias nos lugares da Laranxeira (na parroquia do Eixo), na Cacharela (Aríns) e no Queiroal (A Peregrina). O orzamento conxunto ascende a 1.702 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación demolición da Casa da Xuventude.

Para levar a cabo a demolición da edificación da Casa da Xuventude na Praza do Matadoiro, facilitando a accesibilidade ao Parque de Belvís, acordouse a aprobación do expediente, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación do contrato correspondente, por un importe de 165.076 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de humanización da rúa Montero Ríos.

A Xunta de Goberno acordou a apertura do procedemento de adxudicación das obras para a humanización da rúa Montero Ríos, con un tipo de licitación de 1.599.398 euros e un prazo de execución de 9 meses.

9.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza de obras para executar as obras de reposición de cuberta dun edificio sito na rúa Carreira do Conde nº 11. LIC/859/2014.

11.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude para segregrar a finca núm. 282 do plano de concentración parcelaria da zona de San Cristovo de Infesta. LIC/816/2014

Autorizouse licenza para reposición de cuberta nun edificio da rúa Carreira do Conde (nº 11) e de segregación dunha finca de concentración parcelaria en San Cristovo de Infesta, coa finalidade de levar a cabo a partición dunha herdanza.

10.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación de convenio de colaboración coa CHMS relativa a mellora do saneamento no río Sar.

O texto do convenio que se vai subscribir coa Confederación Hidrográfica vai dirixido a rematar as obras de mellora do saneamento do Sar e a formalizar a encomenda de xestión ao Concello que se encargará da explotación, mantemento e conservación de todas as actuacións acometidas con este fin.

12.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a devolución de fianzas.

Acordouse a devolución dunha fianza por importe de 1.240 euros para responder a custos de urbanización e a reposición de servizos urbanísticos no procedemento de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Pardiñas (nº 13), logo de comprobar que posúe a licenza de 1ª ocupación e a reposición dos servizos afectados.

14.- Proposta da concelleira delegada da Área de Cultura e Patrimonio relativa á concesión de subvención nominativa á Asociación Cultural e Folclórica Colexiata do Sar.

Concedeuse unha subvención á Asociación Cultural e Folclórica Colexiata do Sar, por importe de 3.500 euros, destinada a diversas actividades relacionadas coa Escola de Danza e Música Tradicional deste entidade.

15.- Proposta da concelleira delegada da Área de Cultura e Patrimonio relativa á aprobación da liquidación do 2013 da Fundación Eugenio Granell.

Aprobouse a liquidación definitiva das contas da Fundación Granell para o ano 2013, na que se enmarca unha subvención do concello de 126.000 euros e un convenio para actividades por importe de 1.500 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á solicitude de subvención á Deputación da Coruña para actividades xerais de deportes durante o ano 2015.

Aprobouse a solicitude dunha subvención á Deputación da Coruña, por importe de 19.960 euros, para sufragar a participación de escolares do concello nos XI Xogos do Eixo Atlántico,

que terán lugar nas cidades portuguesas de Porto, Matosinhos e Vila Nova de Gaia entre os días 5-10 de xullo de 2015.

17.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa a dación de conta de aprobación da conta xustificativa e pago da subvención Programa de Dinamización para a participación e inserción social.

Infórmase do pagamento dun segundo prazo da subvención da Deputación da Coruña dirixida ao mantemento do programa de dinamización para a participación e inserción social durante o ano 2013. O pagamento é de 22.140 euros, que vén a completar o total da subvención que ascendía a 44.280 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á aprobación de bases do VIII Premio Internacional "Compostela de Albums Ilustrados".

Despois da recente entrega do premio da 7ª edición deste certame, a Xunta de Goberno aprobou as bases que han rexer a edición do vindeiro ano. O premio tera unha dotación de 9.000 euros (a mesma desta ano, da que o concello achega 8.000 e 1.000 a editorial Kalandraka que edita a obra). Admítense traballos orixinais e inéditos en calquera das linguas peninsulares, cunha extensión que non supere as 40 páxinas e o prazo, que si iniciará coa publicación das bases, rematará o 6 de marzo de 2015.

19.- Recoñecementos extraxudiciais de crédito.

Procedeuse a un recoñecemento de créditos para o pagamento de servizos ou subministros realizados. Afecta ao abono dun total de 16 facturas de diferentes acredores, por un importe global de 100.468 euros.

20 a 25.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativo a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles.

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 6 solicitudes presentadas para a obtención de beneficios fiscais, 5 relativos a vehículos de tracción mecánica e 1 ao imposto sobre bens inmobles.

26.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa á rectificación do IVE da conta de liquidación definitiva da Unidade de Actuación B de Penamaría, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 12.6.2014.

Acordouse rectificar a facturación por cotas de urbanización na unidade de actuación B de Penamaría (San Lázaro) na súa liquidación definitiva, unicamente para os efectos de modificación do IVE, que supón un total de 25.431 euros.

27.- Proposta do concelleiro de apoio do servizo de Obras e Proxectos relativa á aprobación de proxecto de mellora das redes de saneamento e pluviais na Cima da Eira.

O proxecto aprobado trata de proporcionarlle o servizo de saneamento a un tramo da rúa Cima da Eira que actualmente carece del. O orzamento conxunto das obras elévase a 64.783 euros e o prazo de execución contemplado é de 8 semanas.

28.- Proposta da concelleira delegada da Área de Economía relativa á aprobación do convenio de colaboración coa Sociedade Cooperativa Mercado de Abastos.

Aprobouse un convenio de colaboración coa concesionaria da Praza de Abastos para levar a cabo unha campaña promocional. O orzamento para a este fin é de **10.000 euros** que serán destinados á promoción e deseño da campaña, con fotografías, cartelería, folletos e lonas promocionais.

29.- Proposta da concelleira delegada da Área de Economía relativa á adxudicación do contrato servizo, organización mercados no barrio de San Pedro.

Co obxecto de dinamizar a actividade comercial no Barrio de San Pedro, e dentro do proxecto Urbana Santiago Norte, acordouse adxudicar a organización de mercados no Barrio de San Pedro á empresa Versal Comunicación, S.L., por un importe de 23.498 euros.

A finalidade deste contrato é a organización de 4 mercados durante 2 meses (en fin de semana, 2 veces ao mes e cunha duración de catro horas de mañá ou de tarde) na Praza de Marzo do barrio de San Pedro. Os pormenores dos días e horas serán concretadas logo de consulta coas asociacións veciñais e cunha mostra do tecido comercial dese ámbito.

30.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública relativa a devolución de fianzas.

Acordouse a devolución de 5 fianzas por remate de contratos e de conformidade de servizos prestados, por importe conxunto de 18.278 euros. Corresponden a traballos de asistencia xurídica (empresa Roibás e González Concheiro 2) e de subministros audiovisuais e

informáticos para distintos locais municipais (empresa Telecom, Telecomunicaciones y Energía, S.A.)